



NORMAS XERAIS DE ACEPTACIÓN DE MOSTRAS

Recepción no Laboratorio Agrario

- Mostras entregadas por Correos e empresas de transporte
- Mostras entregadas en man

Criterios para a aceptación da mostra

- estar incluída nas que se poidan analizar cos métodos do Laboratorio
- debe estar en boas condicións e na cantidade adecuada
- vir acompañada da solicitude de análise no seu correspondente modelo

Solicitudes de análise

As solicitudes teñen que acompañar ás mostras. Son formularios pdf que se poden encher no pc. Están no seguinte enlace:

<https://agacal.xunta.gal/gl/laboratorio/laboratorio-agrario-e-fitopatoloxico/prezos-e-solicitudes-das-analises>

Tamén están dispoñibles no Laboratorio Agrario.

Hai 8 modelos de solicitudes:

- análise de alimentos e bebidas
- certificado de análise informativa para exportación de bebidas
- análise de auga de rega, fertilizantes, forraxes e pensos ou substratos
- análise sanidade vexetal
- análise foliar
- análise de residuos de produtos fitosanitarios
- análise de solos
- análise de lodos de uso agrario

Mostras de alimentos e bebidas

Alimentos:

Leite: 1 l

Conservas do mar e vexetais: 250 g

Produtos cárnicos e embutido: 250 g

Mel: 250 g

Queixo: 250 g

Bebidas:

Viño: 0,75 l

Augardente, licor e alcohol: 0,7 l

Auga: 2 envases

Cervexa: 2 envases de 0,33 l

Sidra: 2 envases de 0,33 l

Vinagre: 0,375 l



Certificado de análise para exportación: viño, 2 botellas de 0,75 l. Bebida espirituosa, 2 botellas de 0,7 l. Cervexa, 6 envases de 0,33 l. Auga, 3 envases. Sidra, 6 envases de 0,33 l.

Noutros casos, consúltese no 881881352.

As mostras enviaranse a:

Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia
Seccións de Alimentos e Bebidas
Estrada AC-542 pk 7. Mabegondo.
15318 Abegondo. A Coruña.

Mostras de alimentación animal

Forraxe verde: entre 0,7 e 1,5 kg dependendo da humidade da mostra. Se a forraxe está picada chega con 0,7 kg. Conservar en neveira, máximo 3 días, ou no conxelador hasta a súa entrega.

Forraxe seca: 0,5 kg.

Forraxe ensilada: entre 0,7 e 1 kg dependendo da humidade da mostra. Conservar en neveira, máximo 3 días, ou no conxelador hasta a súa entrega.

Forraxe verde seca e moída: 50 g.

Materias primas para pensos:

Moídas: 200 g

Cereal gran: 500 g

Cereal gran para análise de aflatoxinas: 1 kg

Penso: 200-400 g. Achegar a etiqueta ou unha fotocopia dela coa información da composición.

Corrector: 50 g. Achegar a etiqueta ou unha fotocopia dela coa información da composición.

Mostras de solo

Terra: entre 0,7 e 1 kg. Se a mostra está bastante seca e non ten pedras é suficiente con 0,5 kg.

Análise foliar: entre 200 e 400 g. Conservar en neveira, máximo 3 días.

Mostras de fertilizantes

Auga para rega: 1 l. Conservación en neveira.

Fertilizante orgánico: 1 kg.

Fertilizante inorgánico: 500 g dependendo da uniformidade da mostra. Achegar a etiqueta ou unha fotocopia dela ou a información que se teña da composición do fertilizante.

Lodos para uso agrario: 1 kg. Se os lodos posúen moita humidade 1,5 kg. Conservar en neveira.

Substrato: 10 l de mostra.

Xurro: 1 a 2 l dependendo da súa concentración. Conservar en neveira, máximo 3 días, ou no conxelador hasta a súa entrega. Os recipientes deben ser de boca ancha e non deben encherse na súa totalidade.

Mostras para análise de residuos de pesticidas

Conservar en neveira, máximo 3 días, ou no conxelador hasta a súa entrega.

Bebida: auga, viño, zume: 0,5 l

Cereais e produtos a base de cereais: 0,5 kg

Forraxe verde, ensilado, feno, plantas de pemento, de pataca, de tomate, etc.: mínimo 300g.

Froita e hortalizas:



- Produtos pequenos, hasta 25 g por unidade: 250 g de mostra. Por exemplo: uvas.
 - Produtos de tamaño medio, entre 25 e 250 g por unidade: 1 kg de mostra ou polo menos 10 unidades.
 - Produtos de tamaño grande, máis de 250 g por unidade: 2 kg de mostra ou polo menos 5 unidades.
- Terra: 1 kg**

Mostras de sanidade vexetal

Insectos e ácaros

Enviar 5 ou 6 individuos vivos cun pouco do material vexetal do que se alimentan. Mete-los nunha caixa ríxida de cartón, madeira ou plástico con furados para que poidan respirar. Cando se envíen insectos mortos, póñanse nunha solución de auga e alcohol ao 50%, salvo no caso das bolboretas.

Nematodos

Nematodos formadores de quistes da pataca: previamente á plantación, tomar mostras de terra a uns 15 cm de profundidade en varios puntos da parcela hasta acadar 1 kg de terra por ha.

Plantas herbáceas: tomar 5 cepellóns de plantas con síntomas, en diferentes puntos da parcela, que conteñan, como mínimo, 200 g de raíz + 500 g de solo.

Plantas leñosas: tomar 5 anacos de cepellóns de raíz fina barbada de plantas con síntomas, en diferentes puntos da parcela, que conteñan, como mínimo, 200 g de raíz + 500 g de solo.

Conservar en bolsas de plástico resistente.

Plantas para diagnosticar enfermidades

Cando o tamaño da planta o permita, tomarase a planta enteira, aínda que sexa partida. No caso de plantas leñosas grandes hai que tomar anacos con partes sas e partes enfermas. Hai que procurar seleccionar anacos nos que se poida ver o avance da enfermidade e que teña partes moi atacadas. Non enviar plantas mortas ou podridas.

O tamaño da mostra debe ser representativo da parcela de cultivo para que se poida estimar a gravidade da enfermidade.

Enviar en recipientes separados a parte aérea da planta e as raíces. Éstas que veñan coa menor cantidade posible de terra.

As partes brandas chegan en mellor estado cando veñen en caixa ríxida. Para evitar esmagamentos compre encher os ocos con papeis de xornal, por exemplo.

No caso de plantíos de gallos, bulbos, plántulas, plantóns, etc. coller de 8 a 12 unidades por variedade, escollidos de diferentes bandexas.

A entrega da mostra farase o máis asiña posible. Conservar en neveira hasta a súa entrega.

Evitar enviar mostras moi húmidas. Se non é posible, a mostra envolverase en papel de xornal e meterase nunha bolsa de plástico aberta.

As mostras enviaranse a:

Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia

Estrada AC-542 pk 7. Mabegondo.

15318 Abegondo. A Coruña.